

máis de 15 días naturais ao período de cálculo do valor liquidativo.

h) A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá autorizar, en función da política de investimento da institución e tendo en conta a súa política de comercialización, que a IIC non aplique o disposto no artigo 48.5 deste regulamento sobre o prazo máximo para o pagamento do reembolso. Non obstante, o pagamento do reembolso deberase realizar antes de que transcorra o dobre do período de cálculo do valor liquidativo, contado desde a data a que corresponda o valor liquidativo aplicable, sendo este último o primeiro calculado con posterioridade ao vencemento do aviso previo, e sempre, en todo caso, antes de expirar os seis meses posteriores á data en que se produciu o aviso previo. Estas circunstancias deberán constar no folleto.

i) Estas IIC inscribíranse nun rexistro especial creado para tal efecto na Comisión Nacional do Mercado de Valores.

j) Con anterioridade á subscripción das participacións ou á adquisición das accións, o investidor deberá deixar constancia por escrito de que coñece os riscos inherentes ao investimento. O cumprimento desta obriga entenderase sen prexuízo do respecto en todo momento, por parte destas IIC, ás normas de conduta previstas na lei, neste regulamento e nas súas normas de desenvolvemento. Para estas IIC tamén será de aplicación o disposto no parágrafo segundo da letra n) do artigo anterior.

k) No folleto simplificado e completo recollese a información prevista nos artigos 22 e 23 deste regulamento, con especial detalle da información concernente ao obxectivo, a política de investimento e os riscos inherentes a esta, ao perfil de risco da IIC e dos investidores a que se dirixe, ao aviso previo mínimo suficiente para realizar os reembolsos das accións ou participacións sen que iso prexudique aos demais investidores e as comisións e gastos que directa ou indirectamente soportará a IIC. Deberanse incluír no folleto e en toda publicación de promoción da IIC de forma ben visible os especiais riscos que pode comportar, de ser o caso, o investimento nestas IIC.

l) Non será exixible que os informes anual, semestral e trimestrais da IIC conteñan a información recollida na letra d) do artigo 24.1 deste regulamento referente á carteira de valores. Non obstante, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá determinar o detalle con que se informará da carteira de títulos destas institucións.

m) A Comisión Nacional do Mercado de Valores determinará o réxime de utilización de valores liquidativos estimados para estas IIC.

n) A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá ampliar excepcionalmente o prazo máximo de endebedamento establecido no punto 1 do artigo 41 deste regulamento cando unha destas IIC se encontre nunha situación de graves dificultades de tesouraría.

2. As IIC a que se refire este artigo non poderán investir pola súa vez noutras IIC de IIC de investimento libre ou en estranxeiras similares.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores desenvolverá o contido do documento a que se refire a alínea j) do punto 1, o cal deberá reflectir con claridade os riscos que implica o investimento, así como permitirlle ao investidor un adecuado coñecemento deles.

Así mesmo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores establecerá os requisitos específicos que deben ter as sociedades xestoras de IIC que xestio-

nen este tipo de IIC. En cumprimento do previsto no artigo 43.1.i) e j) da lei, entre os requisitos que deben cumprir incluíranse en todo caso:

1.º Dispor de medios humanos e materiais necesarios que permitan efectuar un adecuado control de riscos, incluíndo sistemas de control e medición de riscos, e que permitan efectuar unha valoración previa e un seguimento continuo dos investimentos;

2.º Contar con procedementos adecuados de selección de investimentos.

Adicionalmente, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá establecer, entre outras, exixencias adicionais de recursos propios ás sociedades xestoras que xestionen este tipo de IIC.»

Cinco. Engádesse unha segunda alínea ao artigo 45, co seguinte teor literal:

«Cando a política de investimento se basee no investimento nun único fondo dos mencionados nos artigos 43 e 44 ou un fondo estranxeiro similar, resultaralles de aplicación as disposicións especiais contidas nos citados artigos e as letras a) e b) do presente artigo. Cando a IIC investidora sexa un fondo de investimento, as comisións deberán respectar o disposto no artigo 5.»

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Títulos competenciais.*

O presente real decreto dítase ao abeiro dos títulos competenciais previstos no artigo 149.1, 6.ª e 11.ª da Constitución.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de marzo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda,  
PEDRO SOLBES MIRA

**5678** *REAL DECRETO 363/2007, do 16 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 726/1989, do 23 de xuño, sobre sociedades reitoras e membros das bolsas de valores, sociedade de bolsas e fianza colectiva, o Real decreto 1814/1991, do 20 de decembro, polo que se regulan os mercados oficiais de futuros e opcións e o Real decreto 116/1992, do 14 de febreiro, sobre representación de valores por medio de anotacións e compensación e liquidación de operacións bolsistas. («BOE» 66, do 17-3-2007.)*

Este real decreto modifica os reais decretos que conteñen o réxime xurídico das sociedades reitoras dos mercados secundarios oficiais (bolsas e mercados de futuros e opcións), da Sociedade de Bolsas e da Sociedade de

Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores (Iberclear). As modificacións que se introducen teñen diversos obxectivos. En primeiro lugar, elimínanse dos textos as referencias obsoletas e acláranse algúns aspectos do seu contido. Deste modo clarifícase que as causas para se opor ao nomeamento dos membros do consello de administración da sociedade reitora dunha bolsa de valores, da Sociedade de Bolsas ou das sociedades reitoras dos mercados de futuros e opcións será a non concorrencia dos requisitos de honorabilidade profesional e de coñecementos e experiencia que se lles exigen aos membros do consello de administración dunha empresa de servizos de investimento na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores. En segundo lugar, flexibilízase o réxime económico das sociedades reitoras de bolsas, da Sociedade de Bolsas e das sociedades reitoras dos mercados de futuros e opcións, posto que non terán que someter o seu orzamento anual á aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores, nin o organismo regulador poderá impor modificacións neste. Non obstante, a Comisión Nacional do Mercado de Valores mantén a potestade de aprobar as tarifas destas entidades. En terceiro lugar, por último, introdúcense modificacións no réxime dos préstamos vinculados da Sociedade de Sistemas, para evitar o efecto de inflación transitoria de títulos que se pode dar en certos supostos de liquidación de operacións de compra-venta de valores.

Este real decreto dítase ao abeiro das habilitacións contidas nos artigos 31.4 e 44 bis.4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de marzo de 2007,

## DISPÓN O:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 726/1989, do 23 de xuño, sobre sociedades reitoras e membros das bolsas de valores, Sociedade de Bolsas e fianza colectiva.*

Modifícase o Real decreto 726/1989, do 23 de xuño, sobre sociedades reitoras e membros das bolsas de valores, Sociedade de Bolsas e fianza colectiva, nos seguintes termos:

Un. Dáselle a seguinte redacción ao artigo 8:

«Artigo 8. *Consello de administración e director xeral.*

1. As sociedades reitoras das bolsas de valores deberán contar cun consello de administración, composto por non menos de cinco persoas e con, polo menos, un director xeral, cuxas respectivas funcións serán delimitadas nos estatutos sociais.

2. O nomeamento dos membros do consello de administración e do director xeral deberá ser aprobado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores ou, de ser o caso, pola comunidade autónoma con competencia na materia, para os efectos de comprobar que os nomeados reúnen os requisitos das letras f), g) e h) do artigo 67, número 2, da Lei do mercado de valores.»

Dous. Dáselle a seguinte redacción ao artigo 9:

«Artigo 9. *Capital social.*

As accións das sociedades reitoras das bolsas de valores serán nominativas e deberán estar integralmente desembolsadas en todo momento.»

Tres. Derrógase o artigo 10.

Catro. Dáselle a seguinte redacción ao artigo 17:

«Artigo 17. *Réxime económico.*

1. O capital das sociedades reitoras de bolsas será o necesario para asegurar a consecución do seu obxecto social. Os recursos alleos non superarán en ningún momento o valor contable dos recursos propios.

2. As sociedades reitoras elaborarán un orzamento estimativo anual, que deberá expresar detalladamente os prezos e as comisións que vaian aplicar.

3. As sociedades reitoras poderán exixir retribución polos bens ou servizos que presten, incluídos o aboamento de cantidades por realización de operacións e por admisión a negociación, o aboamento de cantidades periódicas pola permanencia de valores na negociación e o pagamento dos servizos relacionados coa difusión ou publicación de informacións relativas ao mercado. No prazo dun mes desde que reciban a documentación a que se refire o parágrafo seguinte ou, de ser o caso, desde que se complete esta, a Comisión Nacional do Mercado de Valores ou, de ser o caso, a comunidade autónoma correspondente con competencia na materia, poderán establecer excepcións ou limitacións aos prezos máximos deses servizos cando poidan afectar a solvencia financeira das sociedades reitoras, provocar consecuencias perturbadoras para o desenvolvemento do mercado de valores ou contrariar aos principios que o rexen, ou introducir discriminacións inxustificadas entre os distintos membros da bolsa.

Para os efectos previstos neste artigo, as sociedades reitoras deberán remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores e, de ser o caso, á comunidade autónoma correspondente con competencia na materia, o seu orzamento estimativo anual antes do un de decembro de cada ano, xunto cos prezos e comisións dos cales deriven os seus ingresos, así como as posteriores modificacións que introduzan nese orzamento, prezos e comisións. A Comisión Nacional do Mercado de Valores e, de ser o caso, a comunidade autónoma correspondente con competencia na materia poderán solicitar das sociedades reitoras a oportuna ampliación da documentación e os datos en que se basea a fixación dos seus prezos e comisións.

4. As sociedades reitoras das bolsas de valores deberán someter as súas contas anuais a informe de auditoría, segundo o establecido no artigo 86 da Lei do mercado de valores.

O informe anual de auditoría de cada sociedade reitora será enviado a exame da Comisión Nacional do Mercado de Valores e, de ser o caso, da correspondente comunidade autónoma con competencia na materia, que poderán dirixir ás sociedades reitoras das bolsas de valores as recomendacións que estimen pertinentes a teor do citado exame, sen prexuízo das demais facultades que lles corresponden de acordo coa normativa vixente.»

Cinco. Dáselle a seguinte redacción ao artigo 19:

«Artigo 19. *Capital, administración e estatutos.*

1. O capital da Sociedade de Bolsas distribuirase por partes iguais entre as sociedades reitoras das bolsas de valores, estará desembolsado integralmente e representarase por medio de accións nominativas.

2. O consello de administración da Sociedade de Bolsas estará formado por un representante

designado por cada unha das sociedades reitoras e un membro máis, que actuará como presidente, elixido por maioría daquelas.

3. Os estatutos da Sociedade de Bolsas, as súas modificacións e a designación dos membros do seu consello de administración requirirán a aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de informe das comunidades autónomas con competencia na materia, para os efectos de comprobar que os nomeados reúnen os requisitos das letras f), g) e h) do artigo 67, número 2, da Lei do mercado de valores. A aprobación dos citados estatutos ou das súas modificacións poderá condicionarse aos cambios que resulten necesarios para asegurar o previsto no número 3 do artigo 7.»

Seis. Dáselle a seguinte redacción ao artigo 20:

«Artigo 20. *Réxime económico.*

1. Será de aplicación á Sociedade de Bolsas o disposto para as sociedades reitoras das bolsas de valores no artigo 17 do presente real decreto.

2. Por solicitude da Sociedade de Bolsas, a Comisión Nacional do Mercado de Valores acordará a suspensión da actuación a través do sistema de interconexión bolsista das entidades que se encontran en mora no pagamento de calquera débeda contraída con aquela.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 1814/1991, do 20 de decembro, polo que se regulan os mercados oficiais de futuros e opcións.*

Modifícase o Real decreto 1814/1991, do 20 de decembro, polo que se regulan os mercados oficiais de futuros e opcións, nos seguintes termos:

Un. Dáselle a seguinte redacción ao artigo 9:

«Artigo 9. *Órganos de administración e dirección.*

1. As sociedades reitoras deberán contar cun consello de administración, composto por non menos de cinco persoas e con, polo menos, un director xeral, cuxas respectivas funcións serán delimitadas nos estatutos sociais.

2. O nomeamento dos membros do consello de administración e do director xeral deberá ser aprobado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, para os efectos de comprobar que os nomeados reúnen os requisitos das letras f), g) e h) do artigo 67, número 2, da Lei do mercado de valores.»

Dous. Dáselle a seguinte redacción ao artigo 14:

«Artigo 14. *Réxime económico.*

1. Os recursos alleos das sociedades reitoras non superarán en ningún momento o valor contable dos seus recursos propios. Non se computarán, para estes efectos, os depósitos en garantía recibidos de membros ou clientes.

2. As sociedades reitoras elaborarán un orzamento estimativo anual, que deberá expresar detalladamente os prezos e as comisións que vaian aplicar.

3. As sociedades reitoras poderán exixir retribución polos bens ou servizos que presten, incluídos o aboamento de cantidades por negociación ou liquidación de operacións e o pagamento dos servizos relacionados coa difusión ou publicación de informacións relativas ao mercado. No prazo dun mes desde que reciba a documentación a que se refire o parágrafo seguinte ou, de ser o caso, desde que se complete esta, a Comisión Nacional do Mer-

cado de Valores poderá establecer excepcións ou limitacións aos prezos máximos deses servizos cando poidan afectar a solvencia financeira das sociedades reitoras, provocar consecuencias perturbadoras para o desenvolvemento do mercado de valores ou contrarias aos principios que o rexen, ou introducir discriminacións inxustificadas entre os distintos membros do mercado.

Para os efectos previstos neste artigo, as sociedades reitoras deberán remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores o seu orzamento estimativo anual antes do un de decembro de cada ano, xunto cos prezos e comisións dos cales deriven os seus ingresos, así como as posteriores modificacións que introduzan nese orzamento, prezos e comisións. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá solicitar das sociedades reitoras a oportuna ampliación da documentación e datos en que se basea a fixación dos seus prezos e comisións.

4. O ministro de Economía e Facenda e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, establecerá os modelos públicos e confidenciais dos estados contables e estatísticos que as sociedades reitoras deben remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores, ditará normas sobre a súa elaboración e frecuencia de envío, e fixará a forma en que, de ser o caso, se deben facer públicos.

5. As sociedades reitoras deberán someter as súas contas anuais a informe de auditoría, segundo o establecido no artigo 86 da Lei do mercado de valores. O informe de auditoría anual será enviado a exame da Comisión Nacional do Mercado de Valores, que lles poderá dirixir ás sociedades reitoras as recomendacións que coide pertinentes a teor do citado exame.»

**Artigo terceiro.** *Modificación do Real decreto 116/1992, do 14 de febreiro, sobre representación de valores por medio de anotacións en conta e compensación e liquidación de operacións bolsistas.*

Modifícase o Real decreto 116/1992, do 14 de febreiro, sobre representación de valores por medio de anotacións en conta e compensación e liquidación de operacións bolsistas, nos seguintes termos:

Un. Dáselle a seguinte redacción á letra c) do punto 2 e ao punto 4 do artigo 57.

«2.c) A remuneración dos préstamos calculárase sobre o valor de mercado dos valores en cada un dos días en que o préstamo estea constituído.

4. A Sociedade de Sistemas reterá o importe correspondente ás operacións en que as entidades adheridas se atrasen na posta á disposición dos correspondentes valores e poderá dispor dese importe para concertar os préstamos a que se refire o presente artigo. Adicionalmente, a Sociedade de Sistemas poderá solicitar das entidades adheridas que, durante a súa demora, actualicen ou garantan esa cantidade coa diferenza que experimente respecto do valor de cotización dos valores en cuestión e, en caso de que incumpran os requirimentos que curse para o efecto, poderá proceder inmediatamente a adquirir os valores necesarios para devolver os tomados a préstamo.»

Dous. Dáselles a seguinte redacción aos puntos 2 e 3 do artigo 58:

«2. As adquisicións recollidas neste artigo e nos puntos 3 e 4 do anterior efectuáranse a Sociedade de Sistemas a través dun membro do mercado

e financiaranse con cargo aos fondos recibidos da parte compradora e aos achegados pola parte vendedora. En todos os casos a Sociedade de Sistemas reclamará en concepto de penalización da entidade adherida o importe fixo ou a porcentaxe do prezo satisfeito que esta fixe con carácter previo e xeral.

3. As operacións referidas no número anterior efectuaranse a través dos procedementos que estableza a Sociedade de Sistemas e os organismos reitores dos mercados onde se negocien os valores en cuestión e liquidaranse nos prazos e consonte os procedementos que estableza a Sociedade de Sistemas.»

Tres. Dáselle a seguinte redacción ao artigo 59:

«Artigo 59. *Prevención de demoras na entrega, control de demoras e penalizacións.*

1. Con independencia dos mecanismos de aseguramento da entrega de valores previstos nos artigos 57 e 58 deste real decreto e en aplicación do control dos saldos das contas de valores previsto polos seus artigos 31, número 3, e 33, número 1, a Sociedade de Sistemas establecerá os procedementos de prevención de demoras na entrega daqueles valores cuxas características, número e tipo de operacións, incidencias xurdidas e outras circunstancias relevantes así o aconsellen.

Eses procedementos poderán incluír prazos e requisitos especiais para a tramitación e liquidación das operacións sobre eses valores, rexistros diferenciados dos valores cuxa entrega se compromete e, de ser necesario, os sistemas de resolución das discrepancias que poidan xurdir na liquidación das operacións, incluíndo as prestacións substitutorias das obrigas incumpridas e as indemnizacións ás entidades prexudicadas con cargo ao efectivo das operacións en cuestión e ás penalizacións que se lles imponhan ás entidades incumpridoras.

2. Eses procedementos poderán ser igualmente aplicados a outros valores cando a contratación, compensación ou liquidación das súas operacións se vexa afectada por circunstancias especiais que poidan redundar en demoras na entrega dos valores en cuestión.

3. A Sociedade de Sistemas poderá igualmente establecer sistemas diferenciados para asegurar a entrega dos valores que figuren nas contas das entidades participantes no Rexistro Central e daqueles outros anotados nas contas dos rexistros contables de detalle a cargo de tales entidades.

4. A Sociedade de Sistemas efectuará un seguimento das demoras que se produzan na entrega en que incorran as entidades adheridas e o seu consello de administración será trimestralmente informado das incidencias que se producisen ao respecto, con indicación das entidades involucradas e dos valores a que se refiran esas demoras.

5. Sen prexuízo de que o incumprimento reiterado das obrigas de entrega poida determinar a suspensión e perda da condición de entidade participante, de conformidade co previsto no artigo 79 do presente real decreto, a sociedade establecerá un sistema de penalizacións de contía progresiva en función do volume e frecuencia dos atrasos e incumprimentos nesas obrigas de entrega.»

Catro. Dáselles a seguinte redacción aos puntos 1 e 4 do artigo 61:

«1. As entidades adheridas aos sistemas xestionados pola Sociedade de Sistemas constituirán, nos termos previstos no regulamento desta última, unha fianza colectiva, destinada a garantir entre elas

o cumprimento das obrigas derivadas da liquidación das operacións bolsistas en que participen e das obrigas que deriven dos mecanismos con que a Sociedade de Sistemas asegura a posta á disposición dos valores ou efectivo na data de liquidación. Esta fianza non responderá fronte a clientes nin persoas ou entidades distintas das citadas.

4. Cando así o prevexa o regulamento da Sociedade de Sistemas, o outorgamento e mantemento da fianza nos termos previstos neste capítulo será indispensable para operar na bolsa correspondente ou a través do sistema de interconexión bolsista, así como para participar na liquidación.»

Cinco. Dáselle a seguinte redacción ao artigo 68:

«Artigo 68. *Consello de administración e director xeral.*

1. A Sociedade de Sistemas deberá contar cun consello de administración, composto por non menos de cinco persoas e con, polo menos, un director xeral, cuxas respectivas funcións serán delimitadas polos estatutos sociais.

2. O nomeamento dos membros do consello de administración e do director xeral deberá ser aprobado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, para os efectos de comprobar que os nomeados reúnen os requisitos das letras f), g) e h) do artigo 67, número 2, da Lei do mercado de valores.»

Seis. Dáselle a seguinte redacción ao artigo 69:

«Artigo 69. *Capital social.*

As accións da Sociedade de Sistemas serán nominativas e deberán estar integramente desembolsadas desde a súa fundación.»

Sete. Derrógase o artigo 70.

Oito. Dáselle a seguinte redacción ao artigo 71:

«Artigo 71. *Réxime económico.*

1. O capital social da Sociedade de Sistemas será o necesario para asegurar a consecución do seu obxecto social. Os recursos alleos non superarán en ningún momento o valor contable dos recursos propios.

2. A Sociedade de Sistemas actuará baixo principios de rendibilización dos seus recursos propios e cobertura polos seus usuarios do custo dos servizos prestados. Para iso, a Sociedade de Sistemas poderá exixir retribución polos bens ou servizos que preste, incluído o aboamento de cantidades polo mantemento do rexistro contable dos valores representados por medio de anotacións en conta, así como pola xestión da compensación de valores e efectivo.

3. A Sociedade de Sistemas elaborará un orzamento estimativo anual, que deberá expresar detalladamente os prezos e as comisións que vaia aplicar. No prazo dun mes desde que reciba a documentación a que se refire o parágrafo seguinte ou, de ser o caso, desde que se complete esta, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá establecer excepcións ou limitacións aos prezos máximos deses servizos cando poidan afectar a solvencia financeira da Sociedade de Sistemas, provocar consecuencias perturbadoras para o desenvolvemento do mercado de valores ou contrariar aos principios que o rexen, ou introducir discriminacións inxustificadas entre os distintos usuarios dos servizos da compañía.

Para os efectos previstos neste artigo, a Sociedade de Sistemas deberá remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores o seu orzamento estima-

tivo anual antes do un de decembro de cada ano, xunto cos prezos e comisións dos cales deriven os seus ingresos, así como as ulteriores modificacións que introduzan nese orzamento, prezos e comisións. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá solicitar da Sociedade de Sistemas a oportuna ampliación da documentación e datos en que se basea a fixación dos seus prezos e comisións.

4. A Sociedade de Sistemas deberá someter as súas contas anuais a aprobación, logo da súa auditoría nos termos que establece o artigo 86 da Lei do mercado de valores. O informe de auditoría deberá ser remitido á Comisión Nacional do Mercado de Valores para o seu exame, que poderá dirixir á Sociedade de Sistemas as recomendacións que estime pertinentes sen prexuízo das demais facultades que lles corresponden de acordo coa lexislación vixente.»

Nove. Dáselle a seguinte redacción ao punto 1 do artigo 76:

«1. Poderán adquirir a condición de entidade adherida en cada un dos sistemas xestionados pola Sociedade de Sistemas os membros dos mercados secundarios oficiais, nos casos e de acordo cos termos previstos no regulamento da Sociedade de Sistemas.»

Dez. Dáselle a seguinte redacción á primeira alínea do punto 2 do artigo 76:

«2. Tamén poderán adquirir a condición de entidade adherida, nos casos e de acordo cos termos previstos no regulamento da Sociedade de Sistemas:»

Once. Dáselle a seguinte redacción ao artigo 77:

«Para que unha entidade poida acceder á condición de entidade adherida aos sistemas xestionados pola Sociedade de Sistemas, deberá contar co nivel de recursos propios e os sistemas de control e medios técnicos necesarios para atender as funcións que se propoñan desenvolver. Estes extremos serán detallados no regulamento da Sociedade de Sistemas, que poderá prever un trato diferenciado para os membros das bolsas de valores e para as diversas entidades recollidas no artigo 76 do presente real decreto. O ministro de Economía e Facenda ou, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderán determinar os requisitos especificamente exixibles para o efecto.»

Doce. Dáselle a seguinte redacción ao punto 1 do artigo 78:

«As entidades interesadas deberán manifestar á Sociedade de Sistemas a súa vontade de acceder á condición de entidade adherida aos sistemas xestionados pola citada sociedade. No prazo de dous meses, esta última remitirá á Comisión Nacional do Mercado de Valores un informe relativo ao cumprimento polas entidades solicitantes dos requisitos exixidos para o efecto polo regulamento da Sociedade de Sistemas.»

Trece. Derrógase a letra b) do punto 1 do artigo 79.

#### **Disposición derogatoria única. Derogación normativa.**

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se o poñan ao establecido neste real decreto.

#### **Disposición derradeira primeira. Títulos competenciais.**

O presente real decreto dítase ao abeiro dos títulos competenciais previstos no artigo 149.1, 6.<sup>a</sup>, 11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución.

#### **Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.**

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de marzo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA

**5679** *REAL DECRETO 364/2007, do 16 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 685/1982, do 17 de marzo, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario, o Real decreto 1343/1992, do 6 de novembro, de desenvolvemento da Lei 13/1992, do 1 de xuño, de recursos propios e supervisión en base consolidada das entidades financeiras, o Real decreto 867/2001, do 20 de xullo, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento, e o Real decreto 1333/2005, do 11 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de abuso de mercado. («BOE» 66, do 17-3-2007.)*

O presente real decreto está integrado por modificacións puntuais de catro reais decretos do ámbito financeiro. A finalidade destas modificacións é diversa. Así, por un lado, respecto ás cédulas de xuro variable, suprimese o límite superior á variación do tipo de xuro que teñen establecido. Esta limitación perdeu sentido xa que os créditos que forman a cobertura deste tipo de cédulas pasaron de ser de xuro fixo a selo de xuro variable. Por outro lado, aclárase o alcance dunha recente modificación da lista dos activos nos cales se materializan os recursos propios das entidades de crédito e dos seus grupos consolidables. Así mesmo, modifícase o réxime de solvencia das sociedades xestoras de carteira, con obxecto de equiparar o réxime de solvencia destas sociedades ao resto de empresas de servizos de investimento (sociedades e axencias de valores). Co fin de que as sociedades xestoras de carteiras se poidan adaptar a estas novas exixencias, a entrada en vigor destas modificacións difírese dous meses respecto ao resto do real decreto. Por último, ampliase o ámbito das persoas vinculadas aos administradores e directivos dun emisor que están obrigadas a comunicar as transaccións que realicen con valores do citado emisor. Con iso perséguese unha incorporación máis fiel do réxime comunitario de abuso de mercado ao dereito español. Por razóns de economía procesual considerouse conveniente tramitar de maneira conxunta as modificacións dos catro reais decretos afectados nunha soa norma.

Este real decreto dítase ao abeiro de diversas habilitacións, como son as contidas na disposición derradeira segunda da Lei 13/1992, do 1 de xuño, de recursos propios e de supervisión en base consolidada das entidades financeiras; o artigo 63.5 e a disposición derradeira segunda da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de